



CENTRO DE ESTUDOS COOPERATIVOS DE GALICIA (CECOOP). MEMORIA DE ACTIVIDADES DO 2022

O CECOOP é un Centro de investigación propio da Universidade de Santiago de Compostela que ten como finalidade, entre outras, promover e desenvolver o coñecemento, a investigación e a difusión das materias vencelladas co cooperativismo e coa Economía Social, establecendo vínculos con outras organizacións e entidades que teñan fins e obxectivos converxentes cos do CECOOP de ámbito galego, nacional e internacional.

Consonte cos seus obxectivos, o CECOOP ten levado ao longo do ano 2022 un conxunto de actividades, esencialmente coincidentes coas especificadas no CONVENIO de colaboración asinado entre a Consellería de Emprego e Igualdade (actualmente Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade) e a USC, que a efectos da súa sistematización agrúpanse tradicionalmente en catro bloques: actividades de carácter científico e de investigación, actividades de formación, difusión e divulgación, actividades de promoción do coñecemento xurídico e actualización normativa e as de dotación de material (bibliografía especializada e mantemento da web).

As actividades previstas na cláusula segunda do CONVENIO asinado, foron realizadas ao longo do curso académico. Dende un punto de vista práctico, intentouse que as actividades programadas se adaptaran o máxime posible as dispoñibilidades de espazos, orzamentos e finalidades do CECOOP.

Na cláusula segunda do referido CONVENIO indicase: “O Centro de Estudos Cooperativos, para o cumprimento dos seus fins propios, cooperará coa Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social (actualmente Secretaría Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social) nos temas de interese conxunto orientados á promoción e fomento da economía social en Galicia. En particular, levará a cabo durante o ano 2022 as seguintes actividades:

a) Promoción da investigación en materia de economía social

- 1. Participación activa en sesións de dirección, de execución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC Internacional, do Observatorio Iberoamericano del Empleo e da RED ENUIES.*
- 2. Fomento da participación de investigadores do CECOOP en actividades de docencia e formación de investigadores, así como na publicación dos resultados das súas investigacións e a presentación destas en congresos científicos.*

3. *Fomento da participación de estudantes universitarios en traballos de investigación ou estudos especializados.*
4. *Elaboración e mantemento dun repositorio de traballos de investigación publicados ou en curso.*
5. *Elaboración dun informe sobre a Economía Social en Galicia, cos datos de 2021, continuando cos elaborados para o ano 2019 e 2020.*

b) Realización de actividades de formación, difusión e divulgación

1. *Organización de actividades na Universidade de Santiago de Compostela dentro da “III Semana Universitaria de Economía Social” na semana do 21 ao 30 de marzo, organizada polos Centros e Institutos de Investigación adheridos a RED ENUIES. Así mesmo, fomentárase a participación de profesores das outras universidades galegas*
2. *Participación, en coordinación co CIRIEC, a Consellería de Emprego e Igualdade e outras entidades, na organización de seminarios, xornadas e outras actividades.*
3. *Coordinación e proposta de actividades da Rede Eusumo na Universidade de Santiago de Compostela.*

c) Promoción do coñecemento xurídico e actualización normativa

1. *Mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas.*
2. *Mantemento dun sistema permanente de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas acerca das novidades normativas, con análise dos principais aspectos que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.*

d) Dotación material

1. *Adquisición de bibliografía especializada.*
2. *Mantemento e actualización da web da CECOOP e a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos fins do CECOOP.*

Estas actividades foron cumprimentados do xeito seguinte:

a) Promoción da investigación en materia de economía social

a1.- Participación activa en sesión de dirección, de execución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC Internacional, do Observatorio Iberoamericano del Empleo e da RED UNIES

Asistencia ás reunións que foron convocadas para establecer as liñas de actuación do CIRIEC, en canto o CECOOP forma parte da Comisión Executiva e do Consello de Dirección de CIRIEC España, así como dos Consellos das revistas académicas: “CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa” e “CIRIEC-España, Revista Jurídica de Economía Social y Cooperativa”. Este ano as reunións foron presenciais. Así mesmo, asistimos as reunións convocadas polo Observatorio Iberoamericano del Empleo y la Economía Social y Cooperativa (OIBESCOOP).

Participación do CECOOP nas actividades de coordinación da RED ENUIES (“Red Española Interuniversitaria de Centros e Institutos de Investigación en Economía Social”) a través de colaboracións e de difusión de actividades, pois en canto membro fundador e directivo da mesma, trata de lograr a mellora da difusión da labor científica desenrolada polos institutos e centros de investigación en economía social, así como facilitar a intercooperación entre os mesmos, aproveitando as posibilidades das novas tecnoloxías da información no marco dos programas xerais de promoción á investigación.

Ademais das reunións de coordinación da rede, realizáronse a seguinte actividade, así como outras recollidas no apartado b2:

- Celebración do Encontro da Rede ENUIES en Tenerife, os días 1 e 2 de decembro de 2022. Neste encontro, os representantes dos distintos centros e institutos de investigación presentamos as actividades que desenvolvemos, co obxectivo de compartir experiencias que poidan levarse a cabo noutras comunidades autónomas.

a2.- Fomento da participación de investigadores do CECOOP en actividades de docencia e formación de investigadores, así como na publicación dos resultados das súas investigacións e a presentación destas en congresos científicos.

Participación de investigadores do CECOOP en Congresos:

33 Congreso Internacional de CIRIEC celebrado en Valencia do 13 ao 15 de xuño de 2022 e organizado polo CIRIEC-Internacional e CIRIEC-España. A directora do CECOOP, Maite Cancelo, formou parte do Consello Científico do Congreso ([33 Congreso Internacional del CIRIEC | Nuevas dinámicas mundiales en la era post-Covid; desafíos para la economía pública, social y cooperativa](#)).

No congreso, presentáronse, ademais, os seguintes traballos:

- Cancelo, M.; Díaz-Vázquez, R. y Vázquez-Rozas, E. Creación de cooperativas y empresas mercantiles en las CC.AA. españolas: un modelo econométrico para el período 2017-2020 ([Microsoft Word - Cancelo-Diaz-Vazquez comunicacion congreso -final \(ciriec.es\)](#)).
- Vaquero García, A., Bastida Domínguez, M. y Vázquez Taín, M.A. La Economía Social como instrumento para la recuperación económica. Propuestas para afrontar la crisis derivada de la COVID-19 ([Microsoft Word](#)

- [COMUN090 BASTIDA, VAQUERO & VAZQUEZ \(ciriec.es\)](http://comun090.com). Este traballo tivo un recoñecemento as mellores comunicacións presentadas no congreso (<http://ciriec.es/noticias/entrega-del-premio-edgard-milhaud-2022-y-reconocimiento-a-las-mejores-comunicaciones-presentadas-al-congreso-del-ciriec/>)

Publicación de artigos científicos.

Cancelo, M.; Vázquez, E. Y Díaz-Vázquez, M. R. (2022). Impacto de la crisis de la covid-19 en el empleo de las cooperativas y sociedades laborales en España en el año 2020: un análisis shift-share sectorial. *CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, 104, 35-64. DOI: 10.7203/CIRIEC-E.104.21702.

http://ciriec-revistaeconomia.es/wp-content/uploads/CIRIEC_104_02_Cancelo_et_al.pdf

Cancelo, M.; Díaz-Vázquez, M.R. & Vázquez-Rozas, E. (2022). Factores determinantes de la creación de cooperativas. Un modelo econométrico con datos de panel para el periodo 2007-19 en las regiones españolas. *Regional and Sectoral Economic Studies*, 22-1, 77-94.

https://ideas.repec.org/a/ea/eere/v22y2022i1_5.html

Bastida, M.; Oliveira, A. & Vázquez Taín, M.A. (2022). Are cooperatives gender sensitive? A confirmatory and predictive analysis of women's collective entrepreneurship. *Annals of Public and Cooperative Economics*, 1-26. DOI: 10.1111/apce.12405

a3.- Fomento da participación de estudantes universitarios en traballos de investigación ou estudos especializados

Neste apartado recollemos a oferta de Traballos de Fin de Grao, e traballos xa presentados no último curso, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e na Facultade de Dereito, dirixidos por investigadores do CECOOP e relacionados co estudo do cooperativismo e outras fórmulas de Economía Social:

Defendidos no curso 2021-22.

Finanzas na Economía Social: Análise da cooperativa Outonía. Titora: M^a Loreto Fernández Fernández

Análise da Economía Social en Galicia. Titoras: Maite Cancelo e Emilia Vázquez Rozas

Ofertados para o curso 2022-23

Economía Social e cooperativas 1. Titor: Rafael Millán. En Economía e ADE

Economía Social e cooperativas 2. Titor: Rafael Millán. En Economía e ADE

A Economía Social: Os Centros Especiais de Emprego. Titora: Pilar Expósito

Análise da economía social en Galicia 1. Titoras: Maite Cancelo e Emilia Vázquez

Análise da economía social en Galicia 2. Titoras: Maite Cancelo e Emilia Vázquez

Evolución do cooperativismo en Galicia. Titoras: Maite Cancelo e Emilia Vázquez

a4.- Elaboración e mantemento dun repositorio de traballos de investigación publicados ou en curso

Os traballos publicados polos investigadores do CECOOP poden atoparse, sempre que estean dispoñibles, na web do Centro de estudos no apartado Publicacións.

a5.- Elaboración dun informe sobre a Economía Social en Galicia cos datos de 2021, continuando cos elaborados para os anos 2019 e 2020

O Informe sobre a Economía Social en Galicia 2021 está publicado na Web do CECOOP. O traballo actualiza a principal información recollida no Libro Branco da Economía Social de Galicia, e os Informes dos anos 2019 e 2020. A súa presentación tivo lugar o 28 de novembro na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, no cal participou a Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade e autoridades académicas, e tivo unha ampla cobertura en medios de comunicación, así como nas páxinas web institucionais da USC e da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e nos boletíns de CIRIEC-España e de Santiago Capital da Economía Social en España 2022.

Algúns enlaces:

<https://www.europapress.es/galicia/noticia-mujeres-representan-51-total-socios-fundadores-cooperativas-2021-20221128130334.html>

<https://www.elcorreogallego.es/galicia/as-mulleres-representan-un-51-dos-socios-fundadores-de-cooperativas-no-ano-2021-IN12689221>

<https://www.lavanguardia.com/local/galicia/20221128/8625152/mujeres-representan-51-total-socios-fundadores-cooperativas-2021-mantienen-evolucion-positiva.html>

<https://www.elcorreogallego.es/opinion/editoriales/la-fortaleza-de-la-economia-social-BH12732982>

<https://www.elcorreogallego.es/galicia/consolidacion-de-la-economia-social-en-galicia-aumentan-las-nuevas-entidades-OH12733397>

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/2022/12/05/449-cooperativas-asientan-provincia-39-total-gallego/0003_202212H5C3995.htm

b) Realización de actividades de formación, difusión e divulgación

b1.- Organización de actividades na Universidade de Santiago de Compostela dentro da “III Semana Universitaria de Economía Social” na semana do 21 ao 30 de marzo, organizada polos Centros e Institutos de Investigación adheridos a RED ENUIES

A “Red Española Interuniversitaria de Institutos y Centros de Investigación en Economía Social” (ENUIES) e CIRIEC-España acordaron que a última semana do mes de febreiro de cada ano dedicárase á celebración da “Semana Universitaria da Economía Social” .

Así, cada centro está a organizar un conxunto de as actividades, en función dos seus obxectivos, recursos e dispoñibilidade: Conferencias, charlas na aula, mesas redondas de entidades, cinema-fóruns, cafés-faladoiro, exposicións, presentacións de libros, presentacións de resultados de proxectos de investigación, feiras, talleres ou formacións específicas, entre outras.

Desde a rede trátase de xerar sinerxias para a comunicación e o impacto destas actividades, así como entre os centros e investigadores participantes, que estaremos a contribuír a unha acción colectiva que beneficiará ao conxunto da Economía Social e á imaxe que este sector ten no ámbito universitario e na sociedade.

O Centro de Estudos Cooperativos da USC, que forma parte da Red ENUIES, elaborou, coa colaboración da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade co sector, coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e co profesorado, un conxunto de actividades a desenvolver englobadas en catro bloques.

Nesta semana tiveron lugar 134 actividades en 36 universidades españolas (<http://ciriec.es/noticias/la-3a-semana-universitaria-de-la-economia-social-se-cierra-con-un-gran-exito-de-participacion-y-de-actividades/>).

En Galicia participaron 27 profesores e profesoras das Universidades de Santiago de Compostela e Vigo achegando a ES a máis de 1.000 estudantes de Economía, ADE, Dereito, Relacións Laborais, Empresa e Turismo, MBA e Máster DEIN nos campus de Santiago de Compostela, Ourense e Vigo.

O acto central na Universidade de Santiago de Compostela, desenrolouse o día 23 de marzo de 2022 ás 12h na Aula C da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e contou coa presenza de preto de 200 estudantes.

Interviñeron: Covadonga Toca (Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia), Celso Gándara (presidente do Foro Galego pola Economía Social), representantes do Reitor e do Decano e a directora do CECOOP, Maite Cancelo.

Neste acto, presentouse o “Informe sobre a Economía Social en Galicia 2020”. Ademais, este ano participaron varios representantes de empresas da ES: Jesús Otero Antelo. Bico de Xeadó (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña); M^a del Pilar Rodríguez Suárez. Dehistoria. cultura, historia y patrimonio, Sociedad Limitada Laboral; Rosa Gutierrez . Coregal Centro Especial de Empleo e Isabel Fraga. Arroupa Empresa de Inserción Laboral

Actividades nas aulas de diversas materias

Datas: do 21 ao 31 de marzo de 2022

Desenvolvéronse 24 actividades, das Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais e Relacións Laborais da USC, onde, dende varias ópticas se abordou o concepto da Economía Social galega. Nesta actividade participaron máis de 500 estudantes.

Actividades:

“A Economía Social hoxe. Funcionamento e características”. Prof. Adrián Dios. En varias sesións realizouse unha presentación na aula sobre a situación da Economía Social galega na actualidade. Ademais, realizáronse unha serie de actividades breves para coñecer o modelo cooperativo e as súas vantaxes comparado coa economía privada. Facultade de CC. Económicas e Empresariais

“O traballo prestado no seo das cooperativas de traballo asociado”. Prof. Alicia Villalba. Explicación ao alumnado do Dobre Grao de Dereito e RRL do encadramento xurídico dos diversos prestadores de servizos que concorren nas cooperativas de traballo asociado, mediante a resolución colaborativa dunha serie de casos prácticos. Facultade de Relacións Laborais.

“A ES en Galicia 2020: unha modelización econométrica para o caso das cooperativas”. Prof. Maite Cancelo. Na materia Econometría II do grao en Administración e Dirección de Empresas as sesións interactivas da semana dedicáronse a analizar as entidades da ES en Galicia, así como a estimación dun modelo econométrico con datos de creación de cooperativas na Comunidade Autónoma.

“A ES en Galicia 2020: unha modelización econométrica para o caso das cooperativas”. Prof. Emilia Vázquez, Pilar Expósito e Isabel Neira. alumnado tivo

á súa disposición o último Informe da Economía Social en Galicia 2020. O profesorado fixo unha breve explicación en clase sobre o mundo da Economía Social. O alumnado tivo que entregar un resumo da charla que se impartiu na Facultade. Organizáronse grupos de alumnos nas clases interactivas da materia Econometría II do Grao de Economía (3º curso, segundo semestre). A cada grupo correspondeulle traballar os datos dunha Comunidade Autónoma, e elaboraron un modelo econométrico sobre creación de cooperativas. O obxectivo da actividade é que coñezan as diferentes familias da Economía Social e o seu papel na economía galega; así como as técnicas econométricas aplicadas aos datos dunha familia tan importante como son as cooperativas.

“Actividade interactiva na materia Desenvolvemento Económico e Sustentabilidade de 4º curso do Grao en Economía”. Prof. Rosa Regueiro. Os participantes das actividades foron o alumnado da materia que realizaron unha selección das entidades de Economía Social que en Galicia colaboran de forma significativa á sustentabilidade ambiental. Na aula, expuxéronse as características da súa actividade, e entre todos e todas seleccionaron a entidade que representan máis os intereses da Economía Social e a sustentabilidade.

“A Economía Social na aula: A ES en Galicia 2020”. Prof. Rosario Díaz, Beatriz Valcarce, Nélica Porto e Manuel Cao. Organizáronse grupos de traballos cos alumnos nas clases interactivas da materia Política Económica de segundo de ADE. A cada grupo correspondeulle preparar unha breve exposición na aula sobre unha das familias da Economía Social. Tiveron que explicar os seus principais características e os datos máis destacados en Galicia en 2020. Para preparalo, tiveron á súa disposición na aula virtual o Informe da Economía Social en Galicia 2020. O obxectivo da actividade é que coñezan as diferentes familias da Economía Social e o seu papel na economía galega.

b2.- Participación, en coordinación co CIRIEC, a Consellería de Emprego e Igualdade e outras entidades, na organización de seminarios, xornadas e outras actividades

Participación e asistencia da directora do CECOOP nas seguintes actividades:

- Participación no acto “Mulleres na Economía Social”. 07/03/2022.
- Asistencia ao día do cooperativismo galego e o día da ES en Galicia
- Reunións para a coordinación das actividades a desenvolver no marco da capitalidade da ES en España que, neste ano correspondeulle a Santiago de Compostela.
- Asistencia á inauguración da Exposición sobre a Economía Social galega no Parlamento de Galicia o 21 de decembro de 2022.
- Asistencia ao aniversario da Rede Eusumo o 23 de decembro de 2022.

Santiago: capital da ES en España. 2022. Actividades:

- Organización, en Santiago de Compostela, da reunión da asemblea de CIRIEC-España 20 de xuño.
- Organización, en Santiago de Compostela, da presentación do “Estudio sobre formación universitaria en España! Elaborado pola Red ENUIES e coordinado polo profesor Millán Foncea.
- Organización, en Santiago de Compostela, da presentación do Informe “la ES en España en cifras” e do portal CIRIECSAT, de CIRIEC-España, no que participan investigadores do CECOOP. 20 de outubro
- Celebración en Santiago de Compostela do Workshop de CIRIEC-España “Estadísticas sobre la Economía Social en España y sus comunidades autónomas”. 20 de outubro.
- Celebración do 20 aniversario do CECOOP no que participaron: a Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, o presidente de Foroegal, a presidenta e o director de CIRIEC-España, e autoridades académicas, así como a directora e ex-directores do CECOOP. 21 de outubro.

Outras actividades:

- Elaboración dun ditame para a Secretaria Xeral de Apoio ao Emprego, Tráballo Autónomo e economía Social.
- Colaboración con Espazocoop e Agaca na difusión de becas para estudantes para a realización de prácticas de entidades destas asociacións.
- Participación no Seminario Internacional “La Economía Social/Solidaria y la Agenda 2030 de los Objetivos de Desarrollo Sostenible (ESS/ODS) da Universidade de Ávila, coa ponencia “La Economía Social y los ODS en Galicia” (<http://www.eusumo.gal/5-sesion-do-seminario-internacional-da-ucav-estivo-protagonizada-pola-economia-social-de-galicia>)

Prensa

Ademais das comunicacións das actividades realizadas polo Centro, na Universidade, nos boletíns de CIRIEC e na prensa, colaboramos na difusión da información recollida nos informes da ES e, na cuantificación da ES no concello de Santiago de Compostela e publicados na Voz de Galicia (01/03/2022 e 11/09/2022 na sección Mercados).

b3.- Coordinación e proposta de actividades da Rede Eusumo na Universidade de Santiago de Compostela.

O CECOOP é o encargado na USC da coordinación e proposta de actividades da Rede Eusumo. Neste ano non se recibiu ningunha proposta por parte da Rede.

c) Promoción do coñecemento xurídico e actualización normativa

c1.- Mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas, que se actualizará cunha periodicidade mínima mensual.

Resumo sentenzas, que están recollidas na web do CECOOP:

• **Sentenza da Audiencia Provincial de Madrid, Sección 28ª, de 28 de enero, núm. 46/2022, recurso núm. 986/2020:**

O asunto que resolve esta sentenza parte do reembolso das aportacións por saída ou baixa dos socios da cooperativa en función da cualificación de dita baixa.

A baixa dos socios é un dos acontecementos máis relevantes da vida cooperativa, en relación cos principios de adhesión voluntaria e aberta. Como o socio pode abandonar voluntariamente a cooperativa mediante a recuperación das súas aportacións, co cumprimento de determinadas condicións legais e estatutariamente, a baixa ten unha indubidable influencia na estabilidade do capital da sociedade.

Baixo esta consideración, a obrigatoriedade da comunicación da cualificación da baixa ao socio interesado non é casual, nin un mero requisito formal sen contido, porque precisamente de dita comunicación depende o nacemento dunha serie de consecuencias xurídicas. Se a cualificación é contraria aos intereses do socio, ábrese un período para a súa impugnación. Polo contrario, se se cualifica a baixa como xustificada, ábrese un procedemento para o reembolso cooperativo, como plasmación da liquidación parcial do contrato de sociedade.

Para garantir o dereito de defensa do socio imponse non só que o Consello Reitor decida, senón tamén que o acordo sexa debidamente comunicado a aquel, establecéndose os prazos ao efecto. Atopámonos, polo tanto, ante un acto recepticio, de modo que a cualificación da baixa como non xustificada só pode facerse valer fronte ao socio cando se adopta o axeitado acordo e este se notifica no prazo legalmente marcado. Doutro modo, a baixa debe considerarse en todo caso xustificada por ministerio da lei.

• **Sentenza da Audiencia Provincial de Madrid, Sección 28ª, de 31 de marzo, núm. 232/2022, recurso núm. 556/2020:**

A Audiencia Provincial de Madrid resolve un recurso de apelación sobre a impugnación de varios acordos aprobados en Asemblea Extraordinaria entre os cales, un deles, aprobaba a modificación do Regulamento do Réxime Interno da cooperativa incorporando penalización por contía de cinco mil euros (5.000,00€) a aqueles socios que exercitasen o dereito á excedencia voluntaria – contemplada nos Estatutos como un dereito dos socios – para traballar noutra empresa do sector educativo da Comunidade de Madrid, descontándose da liquidación do reembolso das súas aportacións no momento en que cause baixa da cooperativa, sexa o motivo que fora.

Na sentenza ditada polo Xulgado do Mercantil núm. 3 de Madrid que se vén a recorrer pola sociedade cooperativa reproducense unha serie de argumentos que son acollidos polo Audiencia Provincial para resolver o recurso presentado. Sinala o Tribunal que a excedencia voluntaria é un dereito dos socios que está previsto expresamente nos Estatutos, pero que pode ser desenvolto no Regulamento de Réxime Interno da cooperativa, sempre e cando non infrinxa os propios estatutos. Así, tanto na Lei de Cooperativas Estatal como nos Estatutos desta cooperativa establece que a excedencia realizarase sen reserva de posto de traballo, pero mantendo o resto de dereitos en igualdade cos demais socios, a excepción dos dereitos de percibo de anticipos, retornos, de voto e a ser elixidos en cargos dos órganos sociais.

Visto isto, a Audiencia acorda desestimar o recurso razoando que da lectura da Lei e dos Estatutos determinase que as obrigas e dereitos vencellados á excedencia teñen unha regulación exhaustiva nos estatutos e na lei, e aínda que a decisión de conceder ou non a excedencia é facultativa da Asemblea, esta decisión debe preservar o núcleo de dereitos e obrigas legais e estatutarios, non podendo establecer unha penalización económica no Regulamento de Réxime Interno que resulte contraria aos Estatutos.

• **Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil), Sección 1ª, de 6 de xullo, núm. 488/2021, recurso núm. 3322/2018:**

O Tribunal Supremo resolve un recurso de casación negando a procedencia do reembolso de aportacións non diñeirarias ao recorrente, que trataba de computar como aportación un concepto non incluíble no balance, neste caso, os traballos preparatorios para a posta en funcionamento da actividade cooperativizada. Así, este concepto non pode considerarse que sexa avaliable como un traballo ou un servizo merecedor de retribución independente que poida ser conceptuado como un crédito contra a sociedade que se aporta como aportación non diñeiraria nunha ampliación de capital. O Tribunal Supremo recorda que o traballo e os servizos non poden ter a consideración de aportacións non diñeirarias, posto que, aínda que poidan ser valorables economicamente, non poden incorporarse ao patrimonio da sociedade. O traballo non é un valor cuantificable e actual incluíble como activo no balance da sociedade cooperativa e susceptible de expresión monetaria e execución, polo que non pode cumprir coa función de garantía que é propia do capital.

Polo tanto, que a Lei de Cooperativas de Murcia non recolla expresamente a prohibición de emitir participacións a cambio de compromisos contraídos en relación á execución de obras ou a prestación de servizos non significa que permitira que os traballos ou servizos puideran considerarse como aportacións sociais, seno que simplemente non se opón ao Regulamento Comunitario 1435/2003, no cal si se recolle expresamente a prohibición.

A maiores, o Tribunal Supremo ditamina que ningún dos conceptos pode considerarse avaliable como un crédito contra a sociedade que se aporta como

aportación non diñeraria nunha ampliación de capital e que, pola contra, eses traballos abarcan as labores propias dos membros do Consello Reitor para poñer en funcionamento o obxecto social unha vez constituída a cooperativa.

• **Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil), Sección 1ª, de 27 de abril, núm. 229/2021, recurso núm. 3364/2018:**

Neste recurso de casación o Tribunal Supremo resolve un asunto sobre a reclamación da devolución das cantidades aportadas por un socio que solicita a baixa voluntaria. Nel, o socio realizou correctamente a solicitude de baixa, pero non chegou a obter resposta da solicitude do acordo do Consello Reitor cualificando a baixa como non xustificada.

A Lei de Cooperativas da Comunidade Autónoma de Madrid non contén ningunha norma sobre o prazo no que o Consello Reitor debe cualificar a baixa do socio, polo que haberá que estar á Lei 27/1999, de 16 de xullo, de Cooperativas. A controversia radica en se o prazo de tres meses establecido na lei estatal para formalizar o acordo da cualificación da baixa se refire á súa adopción ou tamén á súa recepción.

O Tribunal Supremo incide na importancia da obrigatoriedade de comunicar a cualificación dunha baixa como xustificada ou non, lembrando que esta obriga non é casual, nin un mero requisito formal sen contido, senón que dela depende o nacemento dunha serie de consecuencias xurídicas relevantes.

Polo tanto, atendendo á importancia da obrigatoriedade de comunicar a cualificación da baixa e á das súas consecuencias xurídicas, o Tribunal Supremo considera que o prazo de tres meses para formalizar o acordo de comunicación da baixa refírese tanto á adopción do acordo como á recepción da súa notificación, polo que establécese así a natureza recepticia da comunicación ao socio prevista no artigo 17.2 da Lei estatal, debendo a sociedade asegurarse de que o socio recibe a comunicación.

• **Sentenza da Audiencia Provincial da Coruña, Sección 4ª, de 8 de febreiro, núm. 43/2021, recurso núm. 151/2020:**

A Audiencia Provincial da Coruña resolve un recurso de apelación sobre o acordo do Consello Reitor sobre a baixa de cooperativistas, a cal foi impugnada sete anos despois de que se acordase. Dito acordo denegatorio de baixa dos cooperativistas foi notificado aos cooperativistas, sen que estes o impugnasen, nin na asemblea nin xudicialmente, senón que deixaron transcorrer nada menos que sete anos antes de promover a acción xudicial para obter o recoñecemento de efectos da baixa, transcorrendo amplamente o prazo de dous meses establecido na Lei de Cooperativas de Galicia, artigo 52.3. Outro dos feitos controvertidos é a propia existencia do acordo do Consello Reitor, a cal se pon en dúbida.

Finalmente, o Tribunal remata acordando que si existiu o acordo e si foi notificado, pero, aínda que non existise, a pasividade dos socios cooperativistas aos que se lles denegou a baixa durante sete anos só pode ser interpretada

como unha manifestación de desistencia e, polo tanto, como unha confirmación voluntaria e consciente de conformidade co acordo que o socio non pode descoñecer tanto tempo despois sen faltar ás exixencias da boa fe.

• **Sentenza da Audiencia Provincial de Barcelona, Sección 15ª, de 4 de febreiro, núm. 220/2021, recurso núm. 2092/2020:**

O asunto que resolve esta sentenza parte dunha reclamación de danos e prexuízos dun cooperativistas que se dá de baixa ante a negativa da cooperativa de aboar ao demandante (camioneiro) os servizos de transporte prestados e unha cantidade adicional derivada dos prexuízos derivados da negativa da demandada a dar de baixa os camións do demandante. Dita reclamación de danos e prexuízos foi estimada en primeira instancia e nesta sentenza. Porén, entre unha e outra sentenza prodúcese unha modificación da responsabilidade do presidente do Consello Reitor da cooperativa, xa que en primeira instancia o Xulgado declarou a responsabilidade do mesmo de conformidade co réxime de responsabilidade dos membros do Consello Reitor da Lei Catalá de Cooperativas.

Na oposición á demanda, o demandado alegou falta de lexitimación pasiva e no recurso alega a incongruencia da sentenza, xa que na demanda non se precisou a acción que se exercitaba nin se precisou ningún dos requisitos para a declaración de responsabilidade. Estas alegacións do recurso son estimadas pola Audiencia Provincial, entendendo que se produciu unha alteración na causa de pedir, apartándose o xuíz dos feitos alegados polo actor.

Polo tanto, o Tribunal conclúe que o xuíz de instancia se extralimitou ao concluír que concurrían no Presidente do Consello Reitor (apuntando que tamén concurrían no resto de membros do Consello) todos os requisitos da acción individual de responsabilidade e, deste modo, acordan que non procede declarar a responsabilidade destes toda vez que o mero feito de ostentar a condición de presidente ou de membro do Consello Reitor non establece a responsabilidade das obrigas da cooperativa, absolvendo ao demandado.

12. Mantemento dun sistema permanente de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas así como os principais países europeos de referencia, acerca das novidades normativas, con análise dos principais aspectos que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.

As seguintes novidades legislativas, atópanse na web do CECOOP:

Galicia

A Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas modificou a Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia co obxecto de facilitar o exercicio das obrigas de depósito das contas anuais, establecendo que os que deberán firmar electronicamente as contas anuais e o correspondente informe de xestión son o presidente do Consello Reitor xunto ca do secretario ou, no seu caso, o administrador único.

Euskadi

A Lei 5/2021, de 7 de outubro, de modificación da Lei 11/2019, de 20 de novembro, de Cooperativas de Euskadi pola que se recolle expresamente a posibilidade de celebrar ou asistir telemáticamente ás Asembleas Xerais, as comisións de vixilancia, ao consello social e ao comité de recursos.

Cataluña

O Decreto-lei 7/2021, de 9 de febreiro, de medidas extraordinarias en materia de cooperativas, empresas y entidades de la economía social como consecuencia de la crisis derivada de la COVID-19 y de modificación del Decreto-lei 16/2020, de 5 de maio, de medidas urxentes complementarias en materia de transparencia, axudas de carácter social, contratación e mobilidade para facer fronte á COVID-19 dítase en relación a varios artigos da Lei 12/2015, de 9 de xullo, de Cooperativas mediante os cales amplíanse temporalmente varios prazos, como o de celebración da Asemblea Ordinaria ou a prolongacións da vixencia de cargos dos órganos.

Asturias

A Lei 5/2021, de 23 de decembro, de primeira modificación da Lei 4/2010, de 29 de xuño, de Cooperativas introduce a posibilidade de empregar medios telemáticos para, entre outros, realizar as convocatorias e celebracións das Asembleas da cooperativa, así como unha modificación pola que se permite á Consellería competente en materia de economía social adoptar as medidas extraordinarias de flexibilización dos fins do fondo de educación e promoción para paliar efectos adversos provocados por situacións excepcionais e sobrevidas.

Navarra

A Lei Foral 4/2022, de 22 de marzo, de Cambio Climático e Transición Enerxética modifica a Lei Foral 14/2006, de 11 de decembro, de Cooperativas de Navarra para introducir a expresamente a posibilidade de organizarse como cooperativas de consumidores e usuarios para participar na xeración, distribución, subministración, consumo, agregación, almacenamento de enerxía, incluída a renovable, prestación de servizos de eficiencia enerxética ou similares cuxo obxectivo sexa ofrecer beneficios medioambientais, económicos e sociais aos socios, localidade ou comarca.

Aragón

A Lei 2/2022, de 19 de maio, de aplicación e desenvolvemento da Lei 1/2021, de 11 de febreiro, de simplificación administrativa modifica o Decreto Lexislativo 2/2014, de 29 de agosto, do Goberno de Aragón, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Cooperativas de Aragón, reducindo os prazos de inscrición rexistral das cooperativas e creando un artigo 13 bis sobre a inscrición de actos de sociedades cooperativas no rexistro.

A Rioxa

A Lei 9/2022, de 20 de xullo, sobre economía social e solidaria da Rioxa ten por obxecto establecer o marco normativo común aplicable ao conxunto das entidades que integran a economía social e solidaria da Rioxa, así como determinar as accións de fomento e impulso a favor destas entidades. Entre as entidades que integran a economía social e solidaria da Rioxa atópanse as sociedades cooperativas e as sociedades laborais, entre outras. Coa presente Lei preténdese reducir ou eliminar as cargas administrativas que xeren un maior custo para a actividade emprendedora e a súa creación ou apostar pola tramitación telemática dos procedementos administrativos a través da creación dunha Plataforma de Economía Social e Solidaria. A maiores crease o Plan Rioxano de Impulso da Economía Social e Solidaria, como instrumento básico de análise, planificación ou coordinación na materia, así como un Consello da Economía Social e Solidaria da Rioxa, como máximo órgano de coordinación e participación na materia.

Entre as novidades legislativas que se produciron no ámbito cooperativo estatal no ano 2022 atopamos, principalmente, a seguinte:

A Lei 16/2022, de 5 de setembro, de reforma do texto refundido da Lei Concursal, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2010, de 5 de maio, para a transposición da Directiva (UE) 2019/1023 do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de xuño de 2019, sobre marcos de reestruturación preventiva, exoneración de débedas e inhabilitacións, e sobre medidas para aumentar a eficiencia dos procedementos de reestruturación, insolvencia e exoneración de débedas, e pola que se modifica a Directiva (UE) 2017/1132 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre determinados aspectos do Dereito de sociedades (Directiva sobre reestruturación e insolvencia) modifica a Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social introducindo un novo artigo 10 bis sobre a capitalización da prestación por desemprego para a adquisición da condición de sociedade laboral ou transformación en cooperativa por sociedades mercantís en concurso, establecendo que a entidade xestora poderá aboar ás persoas que reúnan os requisitos para ser beneficiarios da prestación contributiva por desemprego –agás o de estar en situación legal de desemprego– o valor actual do importe de dita prestación, cando pretendan adquirir accións ou participacións sociais dunha sociedade na que prestan servizos retribuídos como persoas traballadoras con contrato de traballo por tempo indefinido de forma que, con dita adquisición, individualmente considerada, ou cas adquisicións que realicen outras persoas, traballadoras ou non da sociedade, esta reúna as condicións legalmente necesarias para adquirir a condición de sociedade laboral ou transformarse en cooperativa. Para que se produza o abono da prestación capitalizada requirirase que a empresa fose declarada en concurso e que o xuíz do mercantil acordase a súa transformación no marco do disposto nos artigos 219 ou 224 bis e concordantes do texto refundido da Lei Concursal.

d) Dotación material

d1.- Adquisición de bibliografía especializada.

Este ano dotouse para a Biblioteca da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, das seguintes publicacións, para o uso tanto dos investigadores galegos como dos estudantes da USC:

- "CIRIEC-España, Revista de Economía Social y Cooperativa"
- "CIRIEC-España, Revista Jurídica de Economía Pública, Social y Cooperativa"
- Revista "Estudios de Economía Aplicada" da asociación científica ASEPELT

d2. Mantemento e actualización da web da CECOOP e a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos fins do CECOOP

Neste apartado figura o abono do webmaster - a USC non se fai cargo da páxina web do CECOOP, aínda que se sitúe enlazada na páxina web oficial da Universidade -, e de mantemento e consumibles dos ordenadores, impresoras e cables de conexión para compatibilizar os ordenadores coas instalacións da facultade de CCEE e de Dereito. Inclúense tamén os gastos de actualización de software e mantemento de equipos utilizados polos investigadores do CECOOP.

A páxina web recolle as publicacións do CECOOP, así como os relatorios de interese elaborados por investigadores do CECOOP ou por participantes en mesas, seminarios ou xornadas celebradas con arranxo aos convenios de colaboración.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2023.